



Reclamante: 



Expediente. Nº **RSCTG 090/2017**



**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

En resposta á reclamación presentada por  en nome e representación , mediante escrito do 24 de outubro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  en nome e representación  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 24 de outubro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada da unha solicitude de acceso á información por parte do Concello de Cangas do Morrazo.

O interesado indicaba que o 21 de xuño de 2017 solicitara copia do expediente urbanístico de data de 21 de xaneiro de 2016 no cal é parte interesada. O escrito mencionaba que existía un procedemento xudicial en curso e recollía por unha parte a petición dun expediente urbanístico e doutra unha resolución da alcaldía sobre a retirada dunhas pedras colocadas na rúa Atranco.

Á vista destas e outras peculiaridades do escrito, acordouse, previa á iniciación realizar unha solicitude de mellora e emenda da solicitude de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro. O escrito foi notificado o 18 de outubro de 2017.

Con data do 24 de outubro de 2017 o representante do reclamante achega copia dos DNI do representante e o solicitante, a solicitude que orixina a reclamación do interesado ante a comisión, copia dun acta da sesión ordinaria da xunta de goberno local do 25 de xaneiro de 2016 e unha solicitude da comunidade de propietarios da rúa atrancos 13 de Cangas.

Desa documentación se observa que os propietarios das fincas da rúa [REDACTED] con nº [REDACTED] e [REDACTED] solicitaron en diversos momentos ao concello a colocación de “postes” e pivotes para evitar que os vehículos aparcados impidan o acceso aos garaxes.

A petición versa por tanto sobre o dito expediente administrativo. Autorización de pedras colocadas na rúa [REDACTED]. O reclamante ten un local de negocio próximo, e as fincas [REDACTED] e [REDACTED] dispoñen de acceso aos garaxes pola dita rúa, e requiriron ao concello a colocación de postes e pivotes para evitar que os vehículos aparcados impidan o acceso aos garaxes, posteriormente existen informes da Policía Local e o Concello actúa. O reclamante quere a información xerada por eses expedientes.

**Segundo.** Con data 31 de outubro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado ao Concello para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente. Indicándose expresamente que para o expediente era necesario que se recollera a existencia da solicitude do 21 de xuño de 2017, pois a instancia achegada polo reclamante era ilexible, se existía resolución e a constancia da recepción da notificación.

A recepción da solicitude pola administración foi o 31 de outubro de 2017.

**Terceiro.** Con data 16 de novembro se recibiu o informe do concello e o expediente instruído.

O informe, en resumo, indicou que con data do 16 de xuño de 2016 [REDACTED] solicitara copia completa do expediente e o día 20 de xuño de 2016 este lle foi achegado ao interesado *“unha vez o interesado pagou a taxa por expedición de documentos.”*

O expediente remitido é o nº 1629/2017 do concello e recolle 14 documentos nos que se plasma o conflito existente na rúa [REDACTED] de Cangas entre os propietarios de dous inmobles con garaxe e o propietario dun ximnasio, pero non se achega a información sobre a solicitude de 21 de xuño de 2017 que o interesado remitiu á comisión o 4 de outubro de 2017 e que está relacionada cos expedientes derivados das peticións para a colocación de postes e pivotes polas comunidades de propietarios [REDACTED] e [REDACTED]. En todo caso constan copias das solicitudes ao Concello das comunidades de propietarios para a instalación de postes ou pivotes, dúas certificacións da secretaría do contido das resolucións da xunta do goberno local, informes da policía local antes e tras a resolución, varios informes do delineante municipal en relación á situación da calexa no inventario municipal, a petición de 9 de marzo

de 2016 de Bernardino Faro para que a Policía informe dos obstáculos colocados na rúa, resolución da alcaldía ordeando a retirada das pedras e os datos relativos á petición de 16 de xuño de 2016 que non se corresponden coa información requirida por esta comisión, da que se lle remitíu copia ao concello o 31 de outubro de 2017 instando ao concello a que informase sobre a petición de 21 de xuño de 2017.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

### Cuarto. Análise do expediente

Pola documentación achegada polo reclamante consta a presentación no Concello de Cangas, no portelo único, o 21 de xuño de 2017 dunha solicitude de expedientes administrativos a que se refiren os documentos que achega o interesado. Estes documentos son a acta da sesión ordinario da xunta de goberno local do 25 de xaneiro de 2016, a petición ca comunidade de propietarios [REDACTED] do 6 de outubro de 2015 e a resolución da alcaldía do 17 de marzo de 2016 en relación á retirada en dous días das pedras colocadas na rúa [REDACTED]

O Concello informa que hai un expediente con número 1629/2017 e que lle foi achegado o 20 de xuño de 2017, relacionándoo coa petición de data de entrada 16 de xuño de 2017, pero do expediente se observa que a solicitude a que o concello fai referencia ten claramente data de entrada de 16 de xuño de 2016 na que se solicita o expediente 71/16 e que se recibe o 20 de xuño de 2016 e a carta de pago é igualmente de 20 de xuño de 2016 e non está perfectamente determinado que documentos pagan esas taxas.

A documentación reclamada ao concello se refería aos expedientes de colocación de pivotes na rúa [REDACTED], na rúa [REDACTED] en relación a orde de inmediata retirada das pedras colocadas na rúa [REDACTED]

[REDACTED] presentou varias solicitudes ante o Concello de Cangas, todas as que se relacionan con esta reclamación, constan presentadas no Rexistro Portelo Único do Concello de Cangas, sen que isto dera lugar a ningúnha problemática durante a tramitación. O Concello confunde a petición porque tanto a solicitude de xuño de 2016 como a do ano 2017, tamén de xuño teñen o mesmo fondo. Pero mentras que no ano 2016 o reclamante solicitaba o expediente 71/16, neste caso solicitaba os documentos indicados no parágrafo anterior. A ausencia de informe do Concello impide coñecer se a documentación requirida afecta a algún límite dos establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro,

por tanto o concello deberá analizar se é posible a entrega da información respectando tales límites e achegará a información requirida polo agora reclamante.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

### **ACORDA**

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación de [REDACTED] con data 4 de outubro de 2017, contra a denegación por silencio do Concello de Cangas.

**Segundo:** Instar ao Concello de Cangas, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello de Cangas, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga